

PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE VIOLONCHELO

Interpretaranse en todos os cursos tres obras, escollendo unha de cada un dos tres grupos propostos, sendo polo menos unha delas de memoria. É obrigado o acompañamento en todas as obras que así o precisen. Non poderán realizar as probas os alumnos que non presenten partituras orixinais. Nas probas de acceso, o tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido. Así mesmo, nas obras divididas en varios movementos, quedará a discreción do tribunal a audición total ou parcial das mesmas.

Obras orientativas

- A) Concertino nº1 en fa maior de J.B.Breval
- B) Gavotte en re menor op.67 nº2 de D.Popper
Gavotte de F.J.Gossepe
Dos 40 Estudios Melódicos op.31 (vol.1) de S.Lee: nº 8, 11,
14, 17, 18
Dos 113 Estudios de J.J.F.Dotzauer: nº14, 17, 20, 21, 25, 50
(vol.2)
- C) "O Cisne" de C.Saint-Saéns
Das Pezas Populares de concerto de D.Popper: Berceuse op.62 nº3, Lied
op.3 nº6, Begnung op.3 nº5, Mémoire op.62 nº1

PARTE II

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.